



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

N. Expediente: 1012/2026

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos

Documento: Proposta bases selección persoal garantía xuvenil.

Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL GARANTÍA XUVENIL 2026 (TR350E 2026-53)

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE CONSERXE AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE MAIO DE 2026 (GARANTÍA XUVENIL) (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 108 de 11 de xuño de 2026).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de **CONSERXE** en base á Resolución da Orde do 22 de maio de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021 - 2027 (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 108 do 11 de xuño de 2026).

A praza convocada ofértase nas seguintes condicións:

Posto traballo: Conserxe.

Código ocupación: 9211

Nº traballadores: 1

Modalidade contractual: Contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos Modelo 406.

Duración do contrato: 9 meses

Xornada: Completa

Custos salariais brutos (incluída paga extra prorrateada): 1.424,50 €/mes

Custos Seg. Social: 477,21 €/mes

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello, e na seguinte dirección web, www.pontecesures.gal

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos, que correspondan a súa categoría, detalladas na Relación de Postos de Traballo (RPT) en vigor no concello:





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

Vixiar e custodiar as dependencias do CPI de Pontecesures.
Abrir e pechar as dependencias do CPI de Pontecesures.
Atención ao alumnado/público en relación coas funcións propias do corpo subalterno.
Coidar a orde e convivencia nas instalacións públicas e aviso ós responsables cando se producen alteracións.
Realizar tarefas materiais de auxilio á función administrativa; Reprografía, encadernación, traslado de documentación e similares.
Recepcionar, clasificar e repartir o correo e demais correspondencia.
Dar información ao público sobre dependencias e localización de oficinas.
Realizar pequenos traballos de mantemento e reparacións das instalacións que non esixan unha especial cualificación técnica
Axudar en traslados de oficinas, arquivos, mobiliario e outros enseres.
Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes ao proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para ser admitidos na presente convocatoria:

- Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema de garantía xuvenil (29 anos).
- Ser persoas desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ser español/a. As/os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea e as/os estranxeiras/os residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que a cidadanía española a aqueles sectores da función pública aos que segundo o Dereito Comunitario sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras. Deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia respectivamente e o cumprimento das condicións establecidas para todas/os as/os aspirantes, mediante tarxeta acreditativa orixinal ou fotocopia, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

d) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que inhabilite para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

h) Ter sido preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

i) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.

Estas circunstancias poderá ser comprobadas de oficio por esta Administración.

TERCEIRA.- SOLICITUDES

O Concello de Pontecesures, como entidade beneficiaria, solicitará unha preselección das persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta na oficina do servizo de emprego.

O Concello será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, de conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados nas anteditas bases respectando en todo caso a preferencia na contratación establecida na Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

Recibidos os/as candidatos/as remitidos polo Servizo Publico de Emprego de Galicia para tomar parte nas probas selectivas, estes serán convocados mediante e-mail dende o concello para a presentación da instancia acompañada de copia do DNI, e da documentación que acredite os méritos avaliáveis desta convocatoria.

O prazo máximo para a achega da instancia de participación e demais documentación será de 2 días naturais a partir do seguinte ao envío do e-mail de comunicación dende o Concello.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, FIXACIÓN DO COMEZO DOS ERXERCIZOS E DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

O Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado de remitir aos/ás posibles candidatos/as que reúnan as condicións da convocatoria.

Unha vez achegadas as instancias e demais documentación que aporten os/as aspirantes preseleccionados/as, o concello publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, e na seguinte dirección web, www.pontecesures.gal a lista provisional de admitidos/as e excluídos, dando un prazo de 2 días hábiles dende o día seguinte da publicación de dito anuncio, para emendar erros.

Pasado dito prazo, o concello publicará igualmente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, e na seguinte dirección web, www.pontecesures.gal un novo anuncio, coa lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como coa composición do tribunal, e lugar, data e hora da proba a realizar.

O sistema de selección será o concurso-oposición. Na fase de concurso valoraranse os criterios reflexados na convocatoria.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba práctica a proposta do Tribunal, directamente relacionada co desempeño do posto de traballo.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O proceso selectivo será xulgado por un órgano de selección que estará integrado por cinco (5) membros, que serán nomeados pola Alcaldía, dos que se poderán designar suplentes.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a.

- Tres vogais.

-Secretario/a.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O órgano de selección deberá constituírse na data se que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes.





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

Na sesión constitutiva de cada órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do/a presidente/a do Tribunal.

En cada sesión do órgano de selección poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan substituírse entre si na mesma sesión.

O tribunal cualificador non poderá actuar ou se constituír sen a asistencia, como mínimo, de máis da metade dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, actuando con suxeición ás bases da convocatoria e quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación das mesmas.

O órgano de selección axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, **do procedemento administrativo común das administracións públicas** e 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras da convocatoria.

Non obstante, o órgano de selección resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases sempre respectando a lexislación vixente nesta materia.

O órgano de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos que resulte necesario para que as persoas aspirantes con diversidade funcional gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que o resto das persoas aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

Os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía a concorrencia neles dalgunha das circunstancias previstas no artigo 23, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no artigo 24, da citada lei.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do/a interesado/a, deberá propoñerlle ao/a presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

O órgano de selección poderá acordar a asistencia das persoas asesoras especialistas que considere oportunos para todas ou algunha das probas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconselle, limitándose as mencionadas persoas asesoras a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

O Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no que se regula a indemnización regulamentaria que, de acordo co previsto no seu articulado, proceda abonar pola participación en «tribunais de oposicións e concursos encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades, establece que, os membros dos tribunais de oposicións e concursos así como, no seu caso, as persoas colaboradoras técnicas, administrativas e de servizos de ditos órganos, serán indemnizados pola asistencia a estes, nos supostos previstos neste real decreto.

Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

SEXTA.- PROBAS SELECTIVAS

Fase de concurso.- Os criterios de valoración que aparecen reflexados na convocatoria son:

1	Persoas con dicapacidade (<i>Acreditarase coa fotocopia do certificado oficial que acredite a diversidade funcional</i>).	1 punto
2	Persoas trans (<i>Acreditarase presentación da documentación que o poida acreditar</i>)	0,75 puntos
3	Persoas en risco de exclusión social (<i>Acreditarase coa resolución da concesión da RISGA, RAI OU PREPARA</i>).	0,50 puntos
4	Persoas desempregadas que participasen nos últimos 3 anos (2024-2025-2026) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (<i>Comprobarase de oficio por esta Administración, a través da oficina de emprego</i>)	0,25 puntos
5	Carga familiares (<i>Acreditación co libro de familia</i>)	1 fillo/maior 2 fillos/maiores 3 fillos/maiores >3 fillos/maiores 0,10 puntos 0,20 puntos 0,30 puntos 0,40 puntos

Fase de oposición: Proba práctica.- O Tribunal realizará unha proba práctica acorde á oferta de traballo presentada e relacionada coas funcións a desenvolver, na que poderá outorgar ata un máximo de 3 puntos.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN

A puntuación final será a obtida coa suma da valoración dos criterios da convocatoria máis a acadada na proba práctica.





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

Todas as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de (2) dous días hábiles, dende o día seguinte á publicación deste anuncio, para efectuar as reclamacións ou observacións oportunas contra a mencionada lista.

Tras resolver, no seu caso, as reclamacións, o órgano de selección elevará á Alcaldía, xunto coa acta da sesión, a proposta definitiva, por orde de puntuación, para que formalice os correspondentes contratos de traballo temporais e elaborará unha relación de reservas por orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia das persoas seleccionadas.

En caso de empate prevalecen os criterios de preferencia establecidos no artigo 28 da Orde reguladora desta subvención, e de persistir o empate, estarase ao disposto na Resolución da Xunta de 21 de xaneiro de 2025, relativa a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO

Rematadas as probas selectivas o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación, e propondrá, para o seu nomeamento soamente a aquel/a aspirante que obtivera a maior puntuación total, elevando a proposta ao/a Presidente/a desta Corporación. En caso de renuncia desta persoa, chamarase a seguinte persoa da lista, ate que unha acepte o chamamento.

O Tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Coa relación definitiva dos/as aspirantes que superando o proceso selectivo non obtiveran a praza e pola orde da puntuación obtida formarase unha bolsa de traballo para cubrir a posible baixa anticipada no seu caso eventuais e futuras necesidades de contratación de persoal que poidan xurdir na categoría profesional de educador/a familiar no Concello de Pontecesures. As persoas seleccionadas, antes do día determinado para o inicio da contratación, terán que achegar, no día natural anterior á contratación, declaración responsable de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas no día anterior á data da sinatura do contrato. Debendo quedar acredita dito requisito para poder acceder á contratación.

Esta circunstancia poderá ser comprobada de oficio por esta Administración. O feito de non acreditar este requisito será causa impeditiva da contratación.

NOVENA.- FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS

Tras rematar o proceso selectivo e expirado o prazo de presentación de documentación, a Alcaldía, de acordo coa proposta do órgano de selección, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo coas persoas seleccionadas, sendo o ultimo día de





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

incorporación previsto o vindeiro 14 de setembro de 2026.

As persoas seleccionadas deberán incorporarse aos seus postos de traballo no prazo máximo de dous días naturais dende que sexan requiridas para elo.

O contrato axustarase á modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de acordo co disposto na disposición adicional novena, apartado 1 do Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de emprego, A TEMPO COMPLETO.

Aquelas persoas seleccionadas empezarán a traballar en canto se lle indique dende o Concello de Pontecesures.

O resto das persoas non seleccionadas quedarán en reserva por si sucedera algunha renuncia entre os seleccionados/as. Dita vacante cubrirase pola persoa con maior nota das non seleccionadas e por orde descendente.

DECIMA.- PRAZOS

Se o día de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fose festivo ou sábado, pasarase ao seguinte día hábil.

DÉCIMA PRIMEIRA.- NORMAS DE APLICACIÓN:

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia (LEG), no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e na Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021 - 2027 (código de procedemento TR350E) (DOG núm. 160 do 22 de agosto de 2025).

DÉCIMO SEGUNDA.-IMPUGNACIÓN

A convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven desta así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, nos casos e forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra as presentes bases, que son definitivas en vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes ante





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

o mesmo órgano que ditou o acto ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da aprobación destas bases.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdición contencioso-administrativo, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento destes.

DÉCIMO TERCEIRA. - PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2019, do 5 de decembro, de protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación para tratar estes datos deriva das bases reguladoras da presente convocatoria.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: concello@pontecesures.org.

Infórmase así mesmo do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

A Alcaldesa-Presidenta,
D^a. M^a Teresa Tocino Barreiro.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA INDICADA Á MARXE





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

ANEXO I

DECLARACIÓN DE RESPONSABLE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:		
Nome e apelidos:		DNI núm.:
Enderezo:		CP:
Localidade:		Provincia:
Nacionalidade:	Núm. Teléfono Fixo:	Núm. Teléfono Móbil:
Correo electrónico:		

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CRITERIOS DE VALORACIÓN

CRITERIOS DE VALORACION		SI	NON
1	Persoas con dicapacidade		
2	Persoas trans		
3	Persoas en risco de exclusión social		
4	Persoas desempregadas que participasen nos últimos 3 anos (2024-2025-2026) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistemacnacional de garantía xuvenil		
5	Carga familiares		

6. Ter ó meu cargo as seguintes persoas (cónxuxe/fillos/maiores incapacitados):

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	INGRESOS*

*Ingresos mensuais que se perciben

Cada candidato/a deberá presentar a documentación acreditativa que confirme esta declaración.

LUGAR E DATA	SINATURA
Pontecesures, a ____ de _____ DE 2026	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Concello de Pontecesures

Avda. de Vigo, 2, Pontecesures. 36640 (Pontevedra). Tfno. 986557125. Fax: 986557554

Cod. Validación: HZXJIN4MANDCZRCNMKTR5DA9
Corrección: https://pontecesures.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11





Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

Concello de Pontecesures

Debe indicar si consint o tratamento dos datos de carácter persoal incluídos na presente solicitude (riscar cun X):

☐ *Consinto*

☐ *Non consinto*

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS EXPRESADOS NESTA SOLICITUDE

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: aprobación das bases reguladoras da convocatoria e consentimento da persoa interesada.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión da solicitude no procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: Concello@pontecesures.org.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

